

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Asociación Asertividade, Unión, Resilencia, Empatía, Grazas, Armonía (ÁUREGA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Asociación Asertividade, Unión, Resilencia, Empatía, Grazas, Armonía (ÁUREGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata finais do curso académico 2027-2028, isto é o día 31 de agosto de 2028, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Unión, Resilencia, Empatía, Grazas, Armonía (ÁUREGA) nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con altas capacidades (AACC) e/ou inquietudes intelectuais e intereses no desenvolvemento cognitivo, social, emocional e educativo.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que ÁUREGA é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito provincial, constituída por pais e nais e demais persoas sensibilizadas coas altas capacidades (AACC) e/ou inquietudes intelectuais e intereses no desenvolvemento cognitivo, social, emocional e educativo, creada co obxectivo



de apoiar ás persoas con altas capacidades e/ou inquietudes intelectuais e intereses no desenvolvemento cognitivo, social, emocional e educativo, que ten entre os seus principais fins os seguintes:

a) Crear necesidades de formación e coñecemento entre a comunidade educativa sobre as AACC. Fomentar e animar á detección e diagnóstico para normalizar socialmente esta diversidade, e conseguir un pleno e harmónico desenvolvemento das potencialidades e personalidades.

b) Fomentar e promover a sensibilización do conxunto da sociedade, favorecendo a igualdade de oportunidades e integración social, e traballar pola eliminación de estereotipos.

c) Apoiar o estudo e a investigación científica sobre as altas capacidades intelectuais, o talento e o desenvolvemento intelectual como un ben para a comunidade.

d) Informar, orientar, axudar e acompañar ás familias antes, durante e despois do proceso de detección e diagnóstico; contribuíndo a crear un sentimento de acción útil entre as familias na educación dos seus fillos/fillas.

e) Obter fondos que posibiliten actuacións en prol desta asociación e dos seus asociados, tanto de institucións públicas como privadas e/ou persoas físicas e xurídicas.

f) Fomentar a cooperación e as alianzas coas administracións públicas e/ou privadas.

En atención a estas consideracións, as dúas entidades teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con altas capacidades (AACC) e/ou inquietudes intelectuais e intereses no



desenvolvemento cognitivo, social, emocional e educativo, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

